

Axudas do Servizo de Normalización Lingüística para as actividades das comisións de normalización lingüística

Liñas de traballo

ADQUISICIÓN DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO	Material bibliográfico galego: adquisición de dicionarios e gramáticas de lingua galega, repertorios terminolóxicos que poida haber en galego, manuais de uso e aprendizaxe... destinados á biblioteca e/ou gabinetes de departamento, e por tanto, accesibles a toda a comunidade educativa ¹ .
	Material bibliográfico en lingua portuguesa ² : conviría que se tratase de material que se considere de interese para algunha(s) materia(s) e poida ser empregado tanto polo profesorado coma polo alumnado, e utilizado e recomendado o seu uso e consulta nas aulas.
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CAMPAÑAS	Organización de congresos, xornadas de análise, mesas redondas, conferencias...: é importante que nelas se establezan conexións entre a disciplina en cuestión e a lingua galega, de modo que o seu enfoque e os temas susceptibles de seren tratados poden ser moi diversos: ➤ Análise do estado da lingua no ámbito académico-laboral do campo científico de que se tratar. ➤ Abordaxe das carencias, dificultades, eivas... (ou, pola contra, oportunidades ou fortalezas) que se detectan para que os profesionais no exercicio da docencia e, posteriormente, o alumnado egresado xa no mundo laboral se atopa á hora de desenvolver a súa actividade en lingua galega. ➤ Contraste con experiencias levadas a cabo noutros territorios con situacións lingüísticas semellantes á galega.
	Campañas, actividades, iniciativas... que consigan certa repercusión no centro. Poderíamos distinguir entre: ➤ Accións <u>estáticas</u> ou <u>puntuais</u>: destinadas a perduraren no centro, que fagan máis visible o galego no centro ou corrixan a súa ausencia. ➤ Accións <u>participativas</u> que impliquen máis dun colectivo da comunidade universitaria (concursos, premios ou certames, proxeccións de audiovisuais ou outros eventos...)
CURSOS ESPECÍFICOS DE LINGUA GALEGA	Cursos específicos de lingua galega relacionados co ámbito de coñecemento dun centro en particular: terminoloxía específica; lingua, sociedade e especialidade etc.
	Cursos destinados a mellorar as competencias en lingua galega das persoas que traballan nun centro, coa posibilidade de dispor de horarios máis flexibles, incorporación de seguimento formativo a través do correo electrónico etc.: cursos de redacción; de elaboración de unidades didácticas en galego para PDI; curso de galego oral para PAS etc.

Servizo de Normalización Lingüística-Universidade da Coruña

www.udc.es/snl

¹ Trátase de dotar o centro dunha "equipaxe bibliográfica" mínima para a consulta e aprendizaxe. Para a súa elaboración o SNL pode servir de asesoramento á hora de definir a listaxe de obras para adquirir en función das necesidades e demandas que se nos comuniquen, e das peculiaridades do propio centro. Quedan excluídas as obras literarias.

² Esta liña de traballo non está cinguida exclusivamente ás axudas, senón que é independente, de modo que en calquera momento se lle poden achegar ao SNL propostas de adquisición de obras.